



XUNTA DE GALICIA



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2021.

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, e José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeados polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, José Tomé Roca, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Ourense, o seu presidente, José Manuel Baltar Blanco, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, a súa presidenta, M^a del Carmen Silva Rego, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante Fegamp), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.





XUNTA DE GALICIA



Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN:

O día 21 de decembro de 2018 o Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais, e materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais. Este convenio foi asinado o 26 de decembro de 2018 e ten por obxecto a colaboración das distintas institucións participantes para completar o mapa de emerxencias de Galicia mediante o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES).

Mediante esta addenda incorpóranse ao convenio varios acordos adoptados pola Comisión de Seguimento dos GES nas sesións dos días 26 de febreiro, 5 e 17 de novembro de 2020, que supoñen a modificación de varias das súas cláusulas e anexos.

Na addenda recóllese unha modificación dos ámbitos de actuación dos GES e das súas sedes e subsedes. Esta modificación realízase tras unha análise previa das necesidades de cobertura de zonas de sombra de cada provincia na que se buscaron as localizacións máis adecuadas para optimizar a atención á poboación e reducir os tempos de resposta. Tamén se tiveron en conta as renuncias e solicitudes presentadas por algún dos concellos para acoller a un GES, despois da sinatura do convenio. Esta nova configuración dos ámbitos de actuación supón a modificación da cláusula segunda do convenio e dos anexos I, II e IV.

As modificacións das cláusulas oitava e novena e dos anexos II e XI do convenio, responden ao aumento que se produce no cadro de ámbitos de actuación que leva a que o número de GES aumente de 27, dos cales tres non estaban definidos, a 29. Como consecuencia, o número de compoñentes aumenta de 348 a 372 e isto supón un incremento do financiamento en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais e unha modificación da cantidade asignada a cada GES en materia de prevención de incendios aínda que, neste último caso, non supón un incremento da cantidade total destinada a este fin.

A addenda modifica o apartado 6 da cláusula oitava co fin de facer unha mellor interpretación do texto relativo ao prorrateo no financiamento dos GES no primeiro ano de adhesión dun concello ao convenio. Desta maneira, só se aplicará no caso de GES de nova creación cuxa





XUNTA DE GALICIA



sede corresponda a un concello que non estivera adherido ao convenio vixente no período 2013-2018.

Debido á modificación dos ámbitos de actuación e á designación das novas sedes dos GES, deixan de existir os tres GES que estaban sen definir, polo que unha das funcións da comisión de seguimento do convenio, contemplada na cláusula décimo quinta, varía a súa redacción. Deixa de ser necesario que a dita comisión teña que designar o concello sede do GES nº 12 e as sedes dos tres GES indefinidos, así como do novo servizo municipal, polo que unicamente terán que a fixar a sede dun GES naqueles supostos en que se produzan vacantes ou cando o respectivo concello non formalice adhesión ao convenio. Esta modificación tamén se reflexa na redacción do último punto da cláusula segunda.

Engádense tres parágrafos no anexo I co obxectivo de mellorar a eficiencia na atención das emerxencias. Desta maneira a addenda recolle a posibilidade de que o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 poida mobilizar ao GES máis próximo ao lugar do incidente aínda que este lugar non pertenza a un concello dos asignados ao dito GES.

Ao aumentar o número de ámbitos de actuación, aínda que a cantidade total destinada á prevención de incendios forestais non varía, si o fai a cantidade asignada a cada GES en materia de prevención. Por este motivo queda modificado o anexo IV.

E por último, modifícase o anexo VIII co fin de incluír a posibilidade de facer excepcións á asistencia ao curso teórico-práctico impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública, cando as persoas candidatas contén cun certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

Por todo iso, con base no exposto, as partes acordan asinar a presente addenda de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Modifícase a cláusula segunda, que queda redactada como segue:





XUNTA DE GALICIA



SEGUNDA.- LOCALIZACIÓN

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais sitúanse estratexicamente en 35 localidades que se corresponden con 29 GES, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos 4 Servizos Supramunicipais e os demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación.

Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron: A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.

- Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.
- Distribución uniforme.
- Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.
- Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada máis alongados.
- Localizacións en zonas con riscos potenciais.
- Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias
- A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.
- As sedes e subsedes dos GES establécense no anexo II de este convenio correspondendo a Comisión de Seguimento a proposta de novas sedes no caso de producirse vacantes

Segunda. Modifícase a cláusula oitava, que queda redactada como segue:

OITAVA.- FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

1-Os Grupos de emerxencias supramunicipais financiaranse polas seguintes partes asinantes do convenio:

-A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Medio Rural





XUNTA DE GALICIA



- As Deputacións Provinciais
- Entidades locais que se adhiran a este convenio.

2- A contribución ao financiamento da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en materia de emerxencias para os GES e Servizos Municipais xa creados e as ampliacións segundo o establecido na Cláusula segunda fixase en:

- Para o financiamento dos servizos municipais: douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2019, douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2020 e douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2021, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212.A.460.1.
- Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES e servizos municipais (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local alcanzará catrocentos oitenta e oito mil dous centos cincuenta euros (488.250€) para o ano 2019, catrocentos oitenta e oito mil dous centos cincuenta euros (488.250€) para o ano 2020 e cincocentos dezanovemil setecentos cincuenta euros (519.750,00€) para o ano 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141.A.461.1.

3- A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de extinción de incendios, para os GES, fíxase en tres millóns cincocentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros (3.581.250 €) para o ano 2019, tres millóns cincocentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros (3.581.250 €) para o ano 2020 e tres millóns oitocentos corenta e tres mil setecentos cincuenta euros (3.843.750,00 €) para o ano 2021, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES según o reparto do Anexo II.

4- A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos





XUNTA DE GALICIA



na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de 651.000,00 €, nos anos 2019 e 2020 e de 693.000,00€ no ano 2021.

5- A contribución ao financiamento das Deputacións é a que segue:

Anos 2019-2020

Deputación	Composición grupos 12/16/18/19	GES	Servizos municipais
A Coruña	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Lugo	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Ourense	3/0/1/2	838.666,66 €	62.000,00 €
Pontevedra	3/1/0/0	481.333,33 €	124.000,00 €
Non asignados	3/0/0/0	336.000,00 €	62.000,00 €
TOTAL		3.472.000,00 €	

Ano 2021

Deputación	Composición grupos 12/16/18/19	GES	Servizos municipais
A Coruña	7/0/0/0	784.000,00 €	62.000,00 €
Lugo	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Ourense	5/0/1/2	1.062.666,66 €	62.000,00 €
Pontevedra	6/1/0/0	817.333,34 €	124.000,00 €
TOTAL		3.696.000,00 €	

Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega no momento da sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación. Nas vindeiras anualidades o 50% no primeiro trimestre do exercicio correspondente, o 25% no mes de setembro e o restante no momento final.

6.- No caso de GES de nova creación, durante o primeiro ano trala adhesión do concello correspondente ao convenio, o financiamento correspondente prorratearase segundo a data da sinatura da súa adhesión.

Estas cantidades serán aboadas directamente á entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subdeses dos GES ou os Servizos Municipais.





XUNTA DE GALICIA



Terceira. Modifícase a cláusula novena, que queda redactada como segue:

NOVENA.- CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

O *CUSTE ANUAL* do presente convenio en materia de emerxencias e extinción de incendios é de: 8.455.000,00 €, nos anos 2019 e 2020 e de 9.015.000,00 € no ano 2021 fixándose os custes totais por GES no anexo II. A addenda supón un incremento de 560.000,00 € na anualidade de 2021.

Cuarta. Modifícase a cláusula décimo quinta, que queda redactada como segue:

DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO:

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, mediante catro representantes, dous da Dirección Xeral de Administración Local e dous da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; a Consellería do Medio Rural, mediante dous representantes; as Deputacións, con un representante de cada unha delas e a Fegamp, con dous representantes.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.
- Fixar aquelas sedes incorporadas ao texto do convenio (Anexo II) naqueles supostos nos que se produzan vacantes ou o respectivo concello non formalice a adhesión final e formal ao convenio.
- Adaptar as comunicacións no marco do presente convenio aos medio electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias un informe técnico correspondente o grao de cumprimento dos obxectivos programados.





Para resolver as cuestións ordinarias que se presenten na execución do presente convenio crearase un grupo de traballo, de carácter técnico, e composición paritaria, ao que lle corresponderá a certificación da efectiva realización das actuacións descritas no convenio, consonte ao presente clausurado e dando cumprimento aos fins establecidos e aquelas outras atribucións que se lle deleguen por acordo expreso da comisión de seguimento. A composición deste grupo será determinada pola comisión mixta de seguimento do convenio.

Quinta. Modifícase o anexo I, que queda redactado como segue:

ANEXO I: SEDE, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL DOS GES

SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

A CORUÑA		LUGO	
Zona	Sede/s	Zona	Sede/s
Zona de Ortegal e Ferrol	Ortigueira	Zona de Montaña Oriental	Baleira
Zona de Bergantiños	Ponteceso	Zona de Friol - Palas	Friol
Zona de Muros e Xallas	Muros	Zona dos Ancares, Lugo e Sarria	Becerreá
Zona de Ferrol - Eume	Mugardos	Zona da Mariña Central e Oriental	A Pontenova
Zona de Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Curtis	Zona de Quiroga e Terra de Lemos	Quiroga/Folgosos
Zona do Sar e Caldas	Padrón	Zona da Ulloa, Lugo e Chantada	Monterroso
Zona Santiago e A Barcala	Brión	Zona da Mariña Central e Occidental	Cervo
OURENSE		PONTEVEDRA	
Zona	Sede/s	Zona	Sede/s
Zona de Terras de Caldelas e Terras de Trives	Castro Caldelas	Zona da Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade
Zona de Viana e Verín	A Gudiña/Laza	Zona do Baixo Miño	A Guarda
Zona da Baixa Limia	Lobios/Muíños	Zona Ulla – Umia	Moraña
Zona do Ribeiro	Ribadavia/Avión	Zona de Tabeirós, Terra de Montes e Deza	A Estrada/Lalín
Zona de Valdeorras	O Barco de Valdeorras	Zona A Paradanta	A Cañiza
Zona do Pereiro de Aguiar	O Pereiro de Aguiar	Zona A Lama	A Lama
Zona Macizo Central	Maceda	Zona Redondela / Mos	Redondela /Mos
Zona A Veiga - Viana	A Veiga		





XUNTA DE GALICIA



COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL

Provincia da Coruña:

GES/Servizo municipal	Concello
15 Zona Bergantiños	Cabana de Bergantiños Coristanco Laxe Malpica de Bergantiños Ponteceso
15 Zona Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Aranga Curtis Mesía Oza-Cesuras Sobrado Vilasantar
15 Zona Ferrol-Eume	Ares Cabanas Fene Mugardos Neda Valdoviño
15 Zona Muros-Xallas	Carnota Mazaricos Muros Outes
15 Zona O Sar e Caldas	Dodro Padrón Pontecesures Rois Valga
15 Zona Ortegal e Ferrol	Cariño Cedeira Cerdido Mañón Moeche Ortigueira Somozas, As
15 Zona Ría de Noia Servizo municipal de Noia	Lousame Noia Porto do Son
15 Zona Santiago-A Barcala	Ames Brión Negreira





XUNTA DE GALICIA



Provincia de Lugo:

GES	Concello
27 Zona A Mariña Central e Occidental	Alfoz Burela Cervo Foz Valadouro, O Xove
27 Zona A Mariña Central e Oriental	Lourenzá Meira Pastoriza, A Pontenova, A Riotorto Trabada
27 Zona A Ulloa-Lugo-Chantada	Antas de Ulla Guntín Monterroso Portomarín Taboada
27 Zona Friol – Palas	Begonte Friol Guitiriz Outeiro de Rei Palas de Rei
27 Zona Montaña Oriental	Baleira Castroverde Fonsagrada, A Negueira de Muñiz Pol Ribeira de Piquín
27 Zona Os Ancares-Lugo-Sarria	Baralla Becerreá Cervantes Navia de Suarna Nogais, As Pedrafita do Cebreiro Triacastela
27 Zona Quiroga-Terra de Lemos	Folgozo do Courel Pobra do Brollón, A Quiroga Ribas de Sil





XUNTA DE GALICIA



Provincia de Ourense:

GES / Servizo municipal	Concello
32 Subzona O Ribeiro	Arnoia, A Beade Carballeda de Avia Castrelo de Miño Cenlle Cortegada Leiro Melón Padrenda Ribadavia Toén
32 Subzona O Ribeiro-Avión	Aviión Beariz Boborás
32 Zona A Veiga – Viana	Bolo, O Veiga, A Viana do Bolo Vilariño de Conso
32 Zona Baixa Limia	Bande Calvos de Randín Entrimo Lobeira Lobios Muíños Porqueira
32 Zona Macizo Central	Baños de Molgas Esgos Maceda Pademe de Allariz Vilar de Barrio Xunqueira de Ambía Xunqueira de Espadanedo
32 Zona O Pereiro de Aguiar	Barbadás Coles Nogueira de Ramuín Pereiro de Aguiar San Cibrao das Viñas Taboadela
32 Zona Terras de Caldelas e Trives	Castro Caldelas Chandrea de Queixa Manzaneda Montederramo Parada de Sil Pobra de Trives, A San Xoán de Río Teixeira, A
32 Zona Terras de Celanova Servizo municipal Terras de Celanova	Bola, A Cartelle Celanova Gomesende Merca, A Pontedeva Quintela de Leirado Ramirás Verea
32 Zona Valdeorras	Barco de Valdeorras, O Carballeda de Valdeorras Larouco Petín Rúa, A Rubiá Vilamartín de Valdeorras
32 Zona Viana-Verín	Castrelo do Val Gudiña, A Laza Mezquita, A Riós Sarreaus





XUNTA DE GALICIA



Provincia de Pontevedra:

GES/Servizo municipal	Concello
36 Subzona Deza	Agolada Dozón Lalín Rodeiro Vila de Cruces
36 Subzona Tabeirós- Terra de Montes	Estrada, A Forcarei Teo Vedra
36 Zona A Lama	Cerdedo-Cotobade Fornelos de Montes Lama, A Ponte Caldelas
36 Zona A Paradanta	Arbo Cañiza, A Covelo Crecente
36 Zona Baixo Miño	Guarda, A Oia Rosal, O Tomiño
36 Zona Mancomunidade do Val Miñor	Baiona Gondomar Nigrán
36 Zona Mos / Redondela	Mos Pazos de Borbén Redondela Soutomaior
36 Zona Ponteareas Servizo municipal Ponteareas	Mondariz Mondariz-Balneario Neves, As Ponteareas Salvaterra de Miño
36 Zona Sanxenxo Servizo municipal Sanxenxo	Grove, O Meaño Poio Sanxenxo
36 Zona Ulla – Umia	Barro Caldas de Reis Campo Lameiro Catoira Cuntis Moraña Portas





XUNTA DE GALICIA



En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme a este anexo no que se recolle a súa sede.

No caso de que algún dos GES non fose constituído ou quedara vacante, sen prexuízo de que a prioridade sexa cubrir esas vacantes, con carácter excepcional, os restantes GES deberán atender a zona de actuación vacante a petición do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 (CIAE112) que empregará coma criterio de mobilización a minimización do tempo de resposta.

Sen prexuízo da relación de concellos asignados a cada GES o CIAE112 poderá avisar a aquel GES cuxo tempo de resposta sexa menor en función da localización da emerxencia.





XUNTA DE GALICIA



Sexta. Modifícase o anexo II, que queda redactado como segue:

ANEXO II: CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES

CUSTO ANUAL 2019-2020 GES

Núm.	PROVINCIA	GES	Sede/Subsede	Comp	Custo	DDPP	Concellos	CMRural (fondos propios)	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL
1	A Coruña	Santiago-Noia-A Barcala	Brión	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
2	A Coruña	Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Curtis	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
3	A Coruña	Ferrol-Eume	Mugardos	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
4	A Coruña	Muros, Xallase Noia	Muros	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
5	A Coruña	Ortega e Ferrol	Ortigueira	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
6	A Coruña	O Sar e Caldas	Padrón	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
7	A Coruña	Bergantiños	Ponteceso	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
8	Lugo	Os Ancares-Lugo-Sarria	Becerreá	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
9	Lugo	A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
10	Lugo	Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Folgoso)	Folgoso do Courel	6	136.120,69 €	56.000,00 €	10.500,00 €	61.745,69 €	0,00 €	7.875,00 €
10	Lugo	Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Quiroga)	Quiroga	6	136.120,69 €	56.000,00 €	10.500,00 €	61.745,69 €	0,00 €	7.875,00 €
11	Lugo	A Fonsagrada-Meira	Baleira	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
12	Lugo	Terra Cha-Lugo	Guitiriz	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
13	Lugo	A Ulloa-Lugo-Chantada	Monterroso	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
14	Lugo	A Mariña Central e Oriental	Pontenova, A	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
15	Ourense	O Ribeiro (subzona Avión)	Avión	9	195.892,04 €	80.684,40 €	15.128,33 €	92.618,78 €	0,00 €	7.460,53 €
15	Ourense	O Ribeiro (subzona O Ribeiro)	Ribadavia	10	217.656,81 €	89.648,93 €	16.809,18 €	102.909,23 €	0,00 €	8.289,47 €
16	Ourense	Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
17	Ourense	Terras de Caldelas e Trives	Castro Caldelas	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
18	Ourense	Viana-Verín (subzona A Gudiña)	Gudiña, A	12	262.241,38 €	108.000,00 €	20.250,00 €	123.491,34 €	0,00 €	10.500,00 €
18	Ourense	Viana-Verín (subzona Laza)	Laza	6	131.120,69 €	54.000,00 €	10.125,00 €	61.745,69 €	0,00 €	5.250,00 €
19	Ourense	Baixa Limia (subzona Muíños)	Muíños	9	195.892,04 €	80.684,40 €	15.128,33 €	92.618,78 €	0,00 €	7.460,53 €
19	Ourense	Baixa Limia (subzona Lobios)	Lobios	10	217.656,82 €	89.648,93 €	16.809,18 €	102.909,25 €	0,00 €	8.289,47 €
20	Ourense	O Pereiro de Aguiar	Pereiro de Aguiar, O	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
21	Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes e Deza (Subzona Tabeirós-Terra de Montes)	Estrada, A	10	220.617,82 €	90.833,33 €	17.031,25 €	102.909,50 €	0,00 €	9.843,75 €
21	Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes e Deza (Subzona Deza)	Lalín	6	132.370,69 €	54.500,00 €	10.218,75 €	61.745,69 €	0,00 €	5.906,25 €
22	Pontevedra	Baixo Miño	Guarda, A	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
23	Pontevedra	Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade Val Miñor	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
24	Pontevedra	Valga	Valga	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
25	Por definir	Por definir	Por definir	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
26	Por definir	Por definir	Por definir	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €
27	Por definir	Por definir	Por definir	12	272.241,38 €	112.000,00 €	21.000,00 €	123.491,38 €	0,00 €	15.750,00 €





XUNTA DE GALICIA



SERVIZOS MUNICIPAIS(2019-2020)

Núm.	PROVINCIA	GES	Sede/Subsede	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL
1	Ourense	Servizo municipal Terras de Celanova	Terras de Celanova	155.000,00 €	62.000,00€	11.625,00€	65.625,00€	15.750,00€
2	Pontevedra	Servizo municipal Pontearreas	Pontearreas	155.000,00 €	62.000,00€	11.625,00€	65.625,00€	15.750,00€
3	Pontevedra	Servizo municipal Sanxenxo	Sanxenxo	155.000,00 €	62.000,00€	11.625,00€	65.625,00€	15.750,00€
4	Por definir	Por definir	Por definir	155.000,00 €	62.000,00€	11.625,00€	65.625,00€	15.750,00€
TOTAIS				620.000,00 €	248.000,00 €	46.500,00 €	262.500,00 €	63.000,00 €





XUNTA DE GALICIA



CUSTO ANUAL GES ANO 2021

Núm.	PROVINCIA	Zona	Tipo	Sede/ Subsede	Com p	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresiden dia DXAL	CMRural (fondos propios)
1	A Coruña	Santiago-Noia-A Barcala	Sede	Brión	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
2	A Coruña	Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Sede	Curtis	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
3	A Coruña	Ferrol-Eume	Sede	Mugarbos	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
4	A Coruña	Muros, Xallas e Noia	Sede	Muros	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
5	A Coruña	Ortega e Ferrol	Sede	Ortigueira	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
6	A Coruña	O Sar e Caldas	Sede	Padrón	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
7	A Coruña	Bergantiños	Sede	Ponteceso	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
8	Lugo	Os Ancares-Lugo-Sarria	Sede	Becerreá	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
9	Lugo	A Mariña Central e Occidental	Sede	Cervo	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
10	Lugo	Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Folgoso)	Subsede	Folgoso do Co	6	136.370,96 €	56.000,00 €	10.500,00 €	7.875,00 €	61.995,96 €
10	Lugo	Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Quiroga)	Subsede	Quiroga	6	136.370,96 €	56.000,00 €	10.500,00 €	7.875,00 €	61.995,96 €
11	Lugo	A Fonsagrada-Meira	Sede	Baleira	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
12	Lugo	Terra Cha-Lugo	Sede	Friol	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
13	Lugo	A Ulloa-Lugo-Chantada	Sede	Monterroso	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
14	Lugo	A Mariña Central e Oriental	Sede	Pontenova, A	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
15	Ourense	O Ribeiro (subzona Avión)	Subsede	Avión	9	196.267,44 €	80.684,40 €	15.128,33 €	7.875,00 €	92.994,18 €
15	Ourense	O Ribeiro (subzona O Ribeiro)	Subsede	Ribadavia	10	218.073,93 €	89.648,93 €	16.809,18 €	8.289,47 €	103.326,35 €
16	Ourense	Valdeorras	Sede	Barco de Vald	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
17	Ourense	Terras de Caldeas e Trives	Sede	Castro Calde	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
18	Ourense	Viana-Verín (subzona A Gudiña)	Subsede	Gudiña, A	12	262.741,94 €	108.000,00 €	20.250,00 €	10.500,00 €	123.991,94 €
18	Ourense	Viana-Verín (subzona Laza)	Subsede	Laza	6	131.370,96 €	54.000,00 €	10.125,00 €	5.250,00 €	61.995,96 €
19	Ourense	Baixa Limia (subzona Muiños)	Subsede	Muiños	9	196.267,44 €	80.684,40 €	15.128,33 €	7.460,53 €	92.994,18 €
19	Ourense	Baixa Limia (subzona Lobios)	Subsede	Lobios	10	218.073,93 €	89.648,93 €	16.809,18 €	8.289,47 €	103.326,35 €
20	Ourense	O Pereiro de Aguiar	Sede	Pereiro de Ag	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
21	Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes e Deza (Subzona Tabeirós-Terra de Montes)	Subsede	Estrada, A	10	221.034,94 €	90.833,34 €	17.031,23 €	9.843,75 €	103.326,62 €
21	Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes e Deza (Subzona Deza)	Subsede	Lalín	6	132.620,96 €	54.500,00 €	10.218,75 €	5.906,25 €	61.995,96 €
22	Pontevedra	Baixo Miño	Sede	Guarda, A	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
23	Pontevedra	Mancomunidade do Val Miñor	Sede	Mancomunida	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €	15.750,00 €	123.991,94 €
